

Espectáculo
baseado na obra
homónima de
Werner Holzwarth:

The Story of the
Little Mole Who
Went in Search
of Whodunit

Recomendado
para nenas e
nenos dende os
2 ANOS

Con
monicreques
e música
en vivo!

A TOUPIÑA QUE
QUERÍA SABER



QUEN LLE FIXERA
AQUILO NA CABEZA

UNIDADE DIDÁCTICA



títeres
a xanela
do maxín

Sinopse

A toupiña saía do seu tobo e algo lle caeu na cabeza, a modo de **pucho cheirento**.

Daquela, percorrerá todo o campo investigando -moi indignada- cal dos animais que alí viven lle fixera semellante agravio: a pomba, o cabalo, a lebre...

Unha obra simpática e escatolóxica que provoca gargalladas e fai que os espectadores empaten coa toupiña, ferida no seu orgullo.

Nenas e maiores terán, con esta historia, **a visión dun tema tan natural como a vida mesma** e que, sen embargo, non sempre aparece en escena

Actriz e titiriteira: **Celtia Figueiras**

Titiriteiro e músico: **Luis Vallecillo**


Músico e efectos: **Pablo Sanmamed**

Autor: **Werner Holzwarth**

Adaptación: **Celtia Figueiras**


Monicreques: **Marcelo Fernández**

Ficha artística



Trátase dun libro premiado internacionalmente, que foi traducido a **máis de 20 idiomas**, publicado en **25 países** e que se converteu nun éxito entre os máis pequenos dende a súa **primeira publicación no 1989**-Tardaríanse case 10 anos en traducilo á nosa lingua, pero dende entón xa van **7 edicións en galego** e a día de hoxe segue a causar sensación entre as crianzas

O libro



Títeres

Marcelo P. Fernández, cunha ampla traxectoria no teatro de monicreques e unha exquisita confección de bonecos foi o encargado da realización dos mesmos, baixo o deseño do recoñecido **ilustrador Wolf Erlbruch**.

Música

Composta por **Pablo Sanmamed** e **Luis Vallecillo** e interpretada **en directo** por ambos, como unha maneira de acompañar á toupiña na súa aventura



Unha obra que semella unha **caixa de sorpresas**, unha orixinal historia para gozar coa peripecia unha toupiña que unha mañá se atopou cunha caca na súa cabeza e non sabía quen lla fixera e buscando, buscando, coñece á **pomba**, á **vaca**, ao **cabalo**, á **lebre**, ao **cocho**... e ao **can**! os animais que viven nesta **nosa granxa**!

ACTIVIDADES PARA ANTES DA FUNCIÓN

Collemos o libro de “A Toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza” para realizar as seguintes actividades **en grupo**

Era unha vez
unha toupiña

Calquera ocasión é boa para contar na aula unha historia coma esta ás crianzas e mostrarlles as expresivas imaxes que a acompañan.


Abrimos as primeiras páxinas do libro e amosamos a imaxe da protagonista, a toupiña, saíndo do seu tobo para ver se xa saía o sol. **Lemos o texto impreso en letras grandes** e avisámoslle de que á toupiña lle vai a caer algo na cabeza: Que será? Seguimos lendo en voz alta e decatámonos de que á toupiña lle caera algo na cabeza e citamos textualmente: Era redondo e marrón, parecíase un chisco a un chourizo, e, o peor de todo, caéralle xusto na cabeza.

Proseguimos coa lectura do libro **ata descubrir quen lle fixera aquilo na cabeza**

Agora toca facer **exercicio de memoria**.


- De que cor era a caca da pomba?
- E cales son máis grandes?
As cacas do cabalo ou as da lebre?
- E a caca da vaca como é?

Xa sabemos
quen foi!





A




QUE QUERÍA

SABER QUEN



LLE FIXERA





NA




Repasa



marca as 3
diferencias



Rodea
a quen lle fixo
aquilo na
cabeza



ACTIVIDADES PARA DESPOIS DA FUNCIÓN

Xa desfrutamos da representación e agora toca reflexionar sobre a mesma. As seguintes **cuestións son para realizar na clase e responder en grupo**. Todas elas comeza cun “**por que...?**” e están formuladas de tal xeito que **TODAS as respostas son válidas**. O obxectivo é facer memoria, razoar e opinar sobre a obra.





- ... a toupiña non quería as cenorias?
- ... a toupiña quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza?
- ... a pomba lle fixo caca a Celtia no sombreiro?
- ... a lebre vai á horta?
- ... Luis recolle as cacas dos animais?
- ... a toupiña lle fai caca ao can na cabeza?

Cada animal emite un son diferente. Na obra vímoslos todos, imos lembrar. As cuestións que seguen tamén son **para respostar en grupo** e todas elas comezan cun “**como...?**”

- ... arrola a pomba?
- ... rincha o cabalo?
- ... chía a lebre?
- ... bea a cabra?
- ... mue a vaca?
- ... cuínca o porco?
- ... ladra o can?



Une



A Toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza

Unidade didáctica



Quen **non**
aparece na obra?
RODEA!



GALERÍA DE IMAXES





VISÍTANOS
A
XANELA
DO
MAXIN
.COM




FACE
BOOK

SÍGUENOS
@AXANELA
DOMAXIN


TWITTER


INSTA
GRAM

CONTACTO

WEB www.axaneladomaxin.com
MAIL info@axaneladomaxin.com
TEL. (+34) 635.364.587



títeres
a xanela
do maxín